



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO (15/2024)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás dezanove horas, do día vinte de decembro de dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros/as do PP: D.^a M.^a Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Grueiro Filgueiras e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día e hora. Como queda dito, non asiste D. Andrés Feal Varela. Actúa como Secretaria en réxime de acumulación: D.^a Ana Ramos Ramos.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 15 de novembro de 2024.
2. Aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ ADICIONAL 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025
3. Dar conta da resolución da Alcaldía núm. 334/2024 relativa a adhesión ao programa de subvencións a Concellos para o financiamento dos servizos sociais comunitarios durante o ano 2025 (FOPSS/2025)
4. Dar conta da resolución da Alcaldía núm. 354/2024 relativa ao acordo de interposición de recurso contencioso expediente sancionador CO-RES/2023-005 e asistencia xurídica
5. Dar conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 15 de novembro de 2024 en relación coa modificación do contrato do servizo complementario de axuda no fogar por delegación do Pleno da Corporación
6. Aprobación da revisión anual do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 2024
7. Moción do grupo municipal Moción do Grupo Municipal Popular do Concello de Monfero sobre o apoio ao pacto pola lingua
8. Moción do grupo municipal Moción do Grupo Municipal Popular do Concello de Monfero sobre mellora do firme da estrada provincial DP5004 así como a realizar labores de desbroce na mesma
9. Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía do mes de novembro de 2024
10. Asuntos urxentes
11. Rogos e preguntas

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 15 DE NOVIEMBRO DE 2024

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se a viron todos. Como está acordado, a dita acta publicouse con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. O Sr. Alcalde en funcións indica que a vai someter a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor da aprobación todos os asistentes. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que a acta da sesión do día 15 de novembro de 2024 é aprobada por UNANIMIDADE.

2. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 1/2025 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2025

O Sr. Alcalde indica que o goberno pretende someter a votación do Pleno é o POS social que ofrece todos os anos a Deputación da Coruña e procede a explicar a súa proposta.

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDIA

Logo de ver a circular da Deputación Provincial da Coruña, de decembro de 2024, sobre o POS+ ADICIONAL 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025, as Bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS+ 2025”, anexos, informes e demais documentación elaborada para solicitar a inclusión do Concello no mencionado Plan, propóñolle ao Pleno da corporación que adopte os seguintes acordos:

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2025” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial pre-asignada do POS+ADICIONAL/2025 Dato notificado que figura no seu expediente	78.343,86 €
--	--------------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
GASTOS CORRENTES					
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou	16.797,21 €		16.797,21 €	16.797,21 €	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ampliación en anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.					
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia e necesidade social ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	7.000,00 €		7.000,00 €	7.000,00 €	
c. Dotación das partidas municipais destinada a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade dependencia, incluíndo aquela que corresponde ás horas xa concedidas.	37.181,65 €		37.181,65 €	37.181,65 €	
d. Ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade libre concorrencia.					
e. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico de servizos específicos: servizo de Xantar na casa, servizo de Comedor sobre rodas e servizo de Lavandaría.					
f. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de servizos e atencións de carácter complementario	3.000,00 €		3.000,00 €	3.000,00 €	
g. Creación ou ampliación dos servizos para o respiro e a conciliación familiar a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos	5.000,00 €		5.000,00 €	5.000,00 €	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

municipais	sociais				
h. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables e sexan debidamente xustificadas.	5.000,00 €		5.000,00 €	5.000,00 €	
Total Gastos correntes	73.978,86€		73.978,86€	73.978,86€	
INVESTIMENTO					
Investimentos: Tipoloxía i	4.365,00€		4.365,00€	4.365,00€	
Investimentos: Tipoloxía j					
Total Gastos Investimento	4.365,00€		4.365,00€	4.365,00€	
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	78.343,86€		78.343,86€	78.343,86€	78.343,86€

IMPORTES SOLICITADOS		
I. Importe solicitado para gastos correntes	73.978,86 €	
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	4.365,00€	
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j		
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)	78.343,86€	

2. Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

O Sr. Alcalde pregunta se hai algunha intervención.

Intervén a Sra. Concelleira do PP María Belén Salido Maroño indicando que eles unha vez revisada a documentación ven que hai un goberno que está en minoría totalmente e pretende aprobar as cousas á súa maneira, sen sentarse a dialogar coa oposición, que lles sorprende ver como reparte o goberno o diñeiro e cales son as súas prioridades, que gastar máis de 25.000 euros nunha persoa de persoal de técnico administrativo parécelles unha aberración tal e como está o servizo. Que pretenden meter unha persoa en servizos sociais nas oficinas cando o necesario é que metan a alguén pero na rúa, que é onde están os problemas e é onde a xente quere que se solucione e se lles de o servizo que merecen.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Continua explicando que vendo a listaxe de espera que hai de trece persoas en libre concorrencia e que xa se falou nos últimos plenos, que as familias reclamaban axuda por parte do goberno municipal, porque hai familias que están moi apuradas para o coidado dos dependentes na casa, as necesidades son outras, e non meter unha persoa de técnico, que dende o seu grupo a prioridade son as familias, que non sabe cales son a prioridades do grupo de goberno pero que dende logo non son as mesmas.

Prosegue dicindo que o que se destina a dependentes a cubrir horas, iso é totalmente unha necesidade, e é todo o que a xente de Monfero necesita; que non saben se é unha broma o que lles están plantexando no Pleno, ou se o grupo de goberno é consciente de todo o que se necesita, que priorizan ás persoas da oficina, cando agora mesmo hai unha persoa na oficina que está contratada con este gasto social e non está a levar tarefas de servizos sociais senón tarefas do Concello, xa que a persoa que está contratada está a levar o rexistro de entrada do Concello. O feito de que hai unha persoa contratada en servizos sociais pero non desempeña as funcións de servizos sociais senón outras funcións, o que lles parece é que o grupo de goberno non está pensando no que Monfero necesita, e que conste en acta que o seu grupo de goberno vai estar sempre da man coa veciñanza e sempre pensando nas prioridades que ten este Concello, que para eles é máis importante que as familias teñan ese servizo e non que haxa unha persoa destinada a servizos sociais e que non fai ese servizo e fai outros na oficina. Lles parece tremendo a repartición que fan tal e como o están a plantexar.

Continua indicando que eles o que solicitan e que o grupo de goberno entre en dialogo coa oposición porque están en minoría, e se queren entrar en dialogo está o Partido Popular tendéndolles a man para facer cousas necesarias e que busquen solución para a xente de Monfero, e o seu voto sentíndoo moito vai ser en contra.

O Sr. Alcalde respóndelle á Sra. Concelleira que respecta o seu punto de vista pero non o comparte, e cédelle a palabra ao Sr. Concelleiro do BNG.

O Sr. Concelleiro do BNG indicando que o seu voto vai ser en contra tamén porque non estudou a fondo nada diso, soamente que él xa avisou no seu día que non ía aprobar ningunha cousa que non se lle avisase, que non están en maioría simple que están en minoría e que pensa que é como se fan as cousas.

O Sr. Alcalde respóndelle que tal e como lle dixo á Sra. Concelleira respecta a súa opinión e punto de vista pero non o comparte.

O Sr. Alcalde indica que vai someter a votación. Procedese a votación. O resultado e o seguinte: 5 votos en contra (PP e BNG), 3 votos a favor (PSOE) e ningunha abstención. Deseguido o Sr. Alcalde en funcións proclama que queda REXEITADA a proposta sometida a votación.

3. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 334/2024 RELATIVA A ADHESIÓN AO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA O FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DURANTE O ANO 2025 (FOPPSS/2025) RESOLUCIÓN

O Sr. Alcalde explica en termos similares aos que constan nela o contido da resolución da Alcaldía a que se refire este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

a Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, e que se transcribe textualmente a continuación:

ASUNTO: ADHESIÓN PROGRAMA DE SUBVENCIONS A CONCELLOS PARA FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS DURANTE O ANO 2025 (FOPPSS/2025)

EXPEDIENTE: 2024/G003/000339

ANTECEDENTES:

Logo de ver a documentación do expediente e as Bases do Programa de Subvencións a Concellos e Entidades Locais para Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais durante o ano 2025 (FOPPSS/2025), publicadas no BOP núm. 198 do 14 de outubro de 2024.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aceptar as bases da convocatoria do **Programa de Subvencións a Concellos e Entidades Locais para Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais durante o ano 2025 (FOPPSS/2025)**, e adquirir os compromisos e obrigas que nela se inclúen.

SEGUNDO.- Declarar que esta entidade cumpre todos os requisitos esixidos nas bases reguladoras da convocatoria, e no caso de resultar beneficiario da subvención, comprometerse a cumprir todas as obrigas e compromisos recollidos netas e acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requirido pola Deputación, e que se coñecen e aceptan as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen e adquirir, expresamente os seguintes:

- 1º.- Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social tanto na concesión coma no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.
- 2º.- Ter aprobada a última conta xeral que legalmente sexa exixible e presentada perante os órganos de control externo.
- 3º.- Facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática, de redes sociais, páxina web ou audiovisual) que fagan das actividades subvencionadas.
- 4º.- Someterse, na súa condición de quen subscribe a conta, aos procedementos de control que poidan realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.
- 5º.- Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

6º.- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil.

7º.- A entidade local comprométese a realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do programa e a completar coa súa achega económica os módulos obxecto de financiamento.

8º.- En canto ao módulo do persoal auxiliar de axuda no fogar, a entidade solicitante comprométese a que nas novas contratacións terase en conta o disposto no art. 201 do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en especial, a que os órganos de contratación tomarán as medidas pertinentes para garantir a aplicación do convenio colectivo vixente do persoal auxiliar de axuda no fogar.

9º.- No caso de entidades que soliciten a ampliación de módulo, compromiso de realizar a cobertura da praza do persoal para o que se solicita ampliación de financiamento e calendario previsto para o dito procedemento (cando este persoal non estea xa prestando servizos) ou, no seu caso, compromiso de ampliar a xornada do dito persoal.

10º.- As entidades locais adheridas a este programa estarán obrigadas a facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos Servizos Sociais municipais que se lles demande nun prazo de 10 días. A negativa a facilitar esta información ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local deste programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou ao inicio do oportuno expediente de reintegro, segundo proceda, das achegas percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

TERCEIRO.- Adherirse ao Programa de Subvencións a Concellos e Entidades Locais para Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais durante o ano 2025 (FOPPSS/2025), de acordo coas bases do Programa e co detalle que se recolle no cadro de orzamento e financiamento previstos achegado xunto coa solicitude, cun orzamento total de 70.000,00 € e un importe solicitado de 70.000,00 €

Decreto asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións do que eu, Ana Ramos Ramos, como Secretaria Xeral, dou fe. (Asinado, por esta última, aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo

A Secretaria acumulada
Ana Ramos Ramos

Os membros presentes, TOMAN RAZÓN.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

4. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 354/2024 RELATIVA AO ACORDO DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO EXPEDIENTE SANCIONADOR CO-RES/2023-005 E ASISTENCIA XURÍDICA

O Sr. Alcalde en funcións le o título deste punto da orde do día e explica o seu contido. Pregunta se hai intervencións, non se produce ningunha e declara que o pleno queda enterado.

A Resolución da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

“RESOLUCIÓN

“ASUNTO: ACORDO INTERPOSICIÓN RECURSO CONTENCIOSO EXPTE SANCIONADOR CO-RES-2023-005 E ASISTENCIA XURÍDICA

EXPEDIENTE: 2024/G003/000367

ANTECEDENTES:

Con data 23 de outubro de 2024 notificouse, a este Concello, a Resolución ditada pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia, de data 23/10/2024, que resolveu o recurso de alzada interposto polo Concello de Monfero fronte a resolución ditada o día 9 de febreiro de 2024 pola Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático, no expediente sancionador CO-RES-2023-005, estimando parcialmente o mesmo, declarando que non “ha lugar” á sanción de reposición da finca ao seu estado anterior, e reducindo a sanción imposta de 200.000 € a 20.001 €, e por tanto, continuando coa sanción a este Concello no citado importe de 20.001 €.

Estimando conveniente a interposición de recurso contencioso administrativo fronte a dita disposición sancionadora por considerala non axustada a dereito e lesiva para os intereses públicos desta entidade local, compre acordar interpor recurso contencioso administrativo fronte á resolución indicada, e designar como letrado a J. Raúl Meizoso Sardiña, colexiado nº 515 do Ilustre Colexio de Avogados (ICA) de Ferrol, ou alternativamente ós letrados Rocío Meizoso Meizoso (colexiada nº 854 ICA de Ferrol), e Ignacio Meizoso Gabeiras (colexiado nº 1345 ICA de Ferrol), para que se personen e exerzan, en forma e prazo legal, as accións legais e xudiciais oportunas, a tal efecto, ante o tribunal competente, formulando, no seu caso, demanda de nulidade de dita resolución e demais actuacións procesais.

En uso das atribucións que me corresponden, a teor do preceptuado no art. 21.1 k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e conforme co disposto no artigo 551.3 da Lei Orgánica 6/1985 do Poder Xudicial, art. 54.4 do RDL 781/1986 de 18 de abril, art. 221.2 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **RESOLVO:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

PRIMEIRO.- Acordar interpor recurso contencioso administrativo fronte á resolución sancionadora antes indicada, aos efectos dispostos no artigo 45.2.d) da Lei 29/1998, da xurisdición contencioso administrativa.

SEGUNDO.- Designar a tal efecto ao letrado a D. J. Raúl Meizoso Sardiña, ou alternativamente ós letrados Rocío Meizoso Meizoso, e Ignacio Meizoso Gabeiras, para que para que exerzan a tal efecto entablen as accións legais e xudiciais oportunas a tal efecto ante o tribunal competente, facultando a ditos letrados para que designe procurador/a con poder suficiente para actuar en nome e representación do Concello de Monfero no respectivo tribunal e procedemento xudicial correspondente se fose preciso.

TERCEIRO.- Notificar esta designación ó/s referido/s letrado/s e á vez facilitar cantos antecedentes sexan necesarios para os fins da defensa indicados.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde en funcións (Asinado para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo

A Secretaria por acumulación
Ana Ramos Ramos"

Os membros presentes, TOMAN RAZÓN.

5. DAR CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 15 DE NOVEMBRO DE 2024 EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO COMPLEMENTARIO DE AXUDA NO FOGAR POR DELEGACIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

O Sr. Alcalde en funcións le o título deste punto da orde do día e explica o seu contido. Pregunta se hai intervencións, non se produce ningunha e declara que o pleno queda enterado.

A proposta de acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de novembro de 2024 á que se refire este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA ALCADÍA

MODIFICACIÓN CONTRATO SERVIZO COMPLEMENTARIO DE AXUDA NO FOGAR

Logo de ver a documentación do expediente e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e á vista dos seguintes antecedentes:

- Informe do Responsable do Contrato
- Informe de Secretaría
- Escrito de Emprazamento para dar Audiencia ao Contratista
- Conformidade do adxudicatario
- Informe de Fiscalización

Propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. **Aprobar o expediente de modificación do contrato** de SERVIZO COMPLEMENTARIO DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, Prevista no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, debido á modificación da normativa que regulaba as horas de atención a persoas recoñecidas en situación de Dependencia, na cal hai un incremento de horas de atención, ademais da alta demanda do SAF, é necesaria a modificación, segundo o informe emitido pola Traballadora Social, para atender as listas de agarda que hai no servizo, co obxectivo de ofrecer un servizo integral e adecuado as necesidades das persoas usuarias do citado servizo.
2. **Aprobar e dispor o gasto** correspondente por importe de 120.049,40 euros, dispoñendo con cargo á aplicación orzamentaria 231.22799 a anualidade correspondente a 2024 e sometendo á condición suspensiva de existencia de crédito suficiente e axeitado no 2025.
3. **Dar conta da presente Resolución** a Intervención e a Tesouraría para os efectos de practicar as anotacións contables que procedan.
4. **Notificar á empresa adxudicataria** do contrato o presente acordo, citarlle para a formalización da modificación do contrato e *requirirille, para que proceda á ampliación da garantía definitiva por un importe de 6.002,47€.*
5. Publicar a formalización da modificación do contrato na Plataforma de contratos do Estado.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

Os membros presentes, TOMAN RAZÓN.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

6. APROBACIÓN DA REVISIÓN ANUAL DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES A 1 DE XANEIRO DE 2024

O Sr. Alcalde manifesta se trata de aprobar o Padrón de Habitantes con referencia ao 1 de xaneiro, onde temos 1.818 habitantes en Monfero.

A proposta da Alcaldía que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

REVISIÓN ANUAL DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES A 1 DE XANEIRO DE 2024 APROBACIÓN CIFRA OFICIAL DE POBOACIÓN

Logo de ver a lexislación aplicable e o procedemento a seguir en relación coa revisión anual do Padrón municipal de habitantes a 01/01/2024 e as actuacións levadas a cabo no Concello con respecto a este durante o exercicio anterior, das que resultan as cifras a que se refire este expediente e as actuacións complementarias para resolver as discrepancias coa cifra inicialmente proposta.

Logo de ver a comunicación do Instituto Nacional de Estatística, unha vez finalizado o procedemento para a obtención da proposta de cifras oficiais de poboación previsto na Resolución de 20 de xullo de 2018, cos resultados das cifras e da estimación/ desestimación das alegacións presentadas pola que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes.

Propóñolle ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar a cifra de poboación con referencia ao 1 de xaneiro de 2024, sendo a poboación resultante de 1.818 habitantes.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

O Sr. Alcalde indica que vai someter a votación. Procedese a votación. Por UNANIMIDADE, co voto favorable de todos os seus membros asistentes á sesión. (3 PsdeGPSOE, 4 PP e 1 BNG), a proposta de acordo á que se refire este punto do orde do día queda aprobada.

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE MONFERO SOBRE O APOIO AO PACTO POLA LINGUA

O Sr. Alcalde en funcións le o punto da orde do día e pregúntalle á Sra. Concelleira do Partido Popular se quere facer algunha intervención ao que ela lle responde que se queren que a lee pero que está bastante claro.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

O Sr. Concelleiro do BNG pide a palabra e indica que se está pedindo ao Concello unha cousa que ten que facer a Xunta, que dende logo que tiña que ser por parte da Xunta pedir xa a Lei de Galicia para a lingua, e o seu voto para apoiar á lingua galega sempre vai ser favorable.

Intervén o Sr. Alcalde indicando que por parte do seu grupo tamén vai ser sempre favorable no que atinxa a defensa do galego vai ser sempre favorable.

A moción do Grupo Político Municipal do Partido Popular sobre o apoio ao pacto pola lingua que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión e que se da por lida, transcríbese textualmente a continuación:

“MOCIÓN SOBRE O APOIO AO PACTO POLA LINGUA

Maria Belén Salido Maroño, actuando en calidade de portavoz do Grupo Municipal Popular de Monfero, e ao abeiro do disposto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a seguinte moción sobre o apoio ao Pacto pola Lingua.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O marco normativo que protexe a nosa lingua outórgalle á Administración local un papel decisivo na promoción e normalización do uso do galego, en exercicio de competencia propia, sendo lexislación aplicable en materia de lingua galega para as deputacións e concellos de Galicia o art. 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia; os art. 4, 6, 11 e 25 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (en diante, LNL) e mais o art. 7 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, así como a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, regulamentación internacional.

O Plan xeral de normalización da lingua galega (en diante, PXNLG), aprobado por unanimidade no Parlamento galego en 2004, establece como obxectivos específicos para a Administración local o de "consolidar o papel normalizador das corporacións locais e das deputacións" e o de "incluir a promoción do galego no concepto de servizo que se lle ofrece á cidadanía".

Así, as corporacións locais, que foron todo un exemplo de galeguización dende hai décadas, poden e deben desenvolver accións encamiñadas a implicar o conxunto da sociedade no proceso de normalización lingüística. Por seren as administracións máis próximas á cidadanía, son moi apropiadas para desenvolveren accións encamiñadas á implicación cidadá, á dinamización, á recuperación social e ao incremento do uso e prestixio do idioma propio e oficial de Galicia nos distintos ámbitos e sectores sociais.

Alén disto, a Rede de Dinamización Lingüística da Xunta, así como outras entidades de marcado carácter municipalista, traballan a prol da colaboración e das accións conxuntas entre as administracións autonómica e local, en resposta á necesidade de establecer unha dinámica de traballo conxunto coa que sumar esforzos, aproveitar sinerxías e evitar duplicidades. A colaboración entre as dúas administracións constitúe, pois, unha liña estratéxica consolidada no labor común de protexer e promover a lingua propia de Galicia.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Despois das últimas eleccións autonómicas, o Goberno galego presentou ante o órgano legislativo a súa proposta de acadar, nesta legislatura, un gran acordo entre todas as forzas políticas, no marco dun Pacto pola Lingua.

O Goberno galego puxo así enriba da mesa a súa vontade de chegar a un novo acordo en materia de política lingüística, con todas as forzas políticas representadas no Parlamento de Galicia e que inspirou as aprobacións da LNL e do PXNLG, deixando de lado todo aquilo que separa ideoloxicamente ás distintas forzas políticas, centrándose no elemento de unión de todos os galegos e galegas.

Os datos do IGE publicados recentemente constatan unha situación nova para o galego, en relación sempre cun cambiante paradigma social no que teñen moito que ver novos hábitos de vida, de comunicación, especialmente entre as xeracións máis novas, ou as dinámicas demográficas marcadas por un forte incremento da chegada de novos/as galegos/as dende latitudes xeográfica e culturalmente distantes da nosa, entre outras causas.

Ademais das forzas representadas no Parlamento, o Goberno galego trasladou a súa intención de que neste acordo tamén participen os principais actores sociais do país, cobrando especial relevancia o papel das institucións máis próximas á cidadanía, como son as propias entidades locais.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular de Monfero presenta a seguinte moción para adoptar o seguinte:

ACORDO

1. O Pleno do Concello de Monfero insta aos diferentes axentes sociais implicados na normalización lingüística a acadar un gran acordo, entre todas as forzas con representación parlamentaria, e declara o seu apoio ao Pacto pola Lingua para iniciar así un gran pacto social de impulso do uso do galego.
2. Darlles traslado deste acordo á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.

O Sr. Alcalde indica que vai someter a votación. Procedese a votación. Por UNANIMIDADE, co voto favorable de todos os seus membros asistentes á sesión. (3 PsdeGPSOE, 4 PP e 1 BNG), a moción á que se refire este punto do orde do día queda aprobada.

8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE MONFERO SOBRE MELLORA DO FIRME DA ESTRADA PROVINCIAL DP5004 ASÍ COMO A REALIZAR LABORES DE DESBROCE NA MESMA

O Sr. Alcalde en funcións le o punto da orde do día e preguntalle á Sra Concelleira D.^a María Belén Salido Maroño se quere expoñer algo, ela responde que o quere expoñer xa está explicado no contido da moción e explica brevemente o contido dela.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalle ao Sr. Concelleiro do BNG se quere intervir ao que lle indica que non, o Sr. Alcalde en funcións indica que están de acordo co contido da moción, que todo o que sexa a mellora destas vías e ademais ten tramos con moita falta.

A moción do Grupo Político Municipal do Partido Popular sobre mellora do firme da estrada provincial DP5004 así como a realizar labores de desbroce na mesma, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión e que se da por lida, transcríbese textualmente a continuación:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE MONFERO

O Grupo Municipal Popular no concello de Monfero de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno da Corporación a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das vías de saída e entrada o Concello de Monfero transcorre pola parroquia de Vilachá. Dende o lugar de O Casal ata o lugar de O Tres pertencente o Concello de Vilarmaior atopamos a carretera provincial DP-5004.

A vía cuia titularidade pertence a Diputación de A Coruña presenta un mal estado no firme, son numerosas as fochancas que podemos atopar o longo do percorrido pola mesma así como a falta de desbroce que presenta dende fai meses.

Que non se leven a cabo tarefas de desbroce afecta gravemente a visibilidade en algúns treitos poñendo en perigo a circulación.

O Grupo Municipal Popular no Concello de Monfero, consideramos que o arranxo de esta carretera provincial sería beneficioso para toda a veciñanza que a usa frecuentemente por isto presentamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

-Que o Concello de Monfero inste a Diputación de A Coruña a mellorar o firme da carretera provincial DP5004, así como a realizar labores de desbroce na mesma.

MARÍA BELÉN SALIDO MAROÑO PORTAVOZ PARTIDO POPULAR MONFERO”

O Sr. Alcalde indica que vai someter a votación. Procedese a votacion. Por UNANIMIDADE, co voto favorable de todos os seus membros asistentes á sesión. (3 PsdeGPSOE, 4 PP e 1 BNG), a moción á que se refire este punto do orde do día queda aprobada.

9. DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE NOVEMBRO DE 2024

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se o teñen todos. Non se producen intervencións.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

O extracto das resolucións da Alcaldía do mes de novembro que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria transcríbese literalmente deseguido:

EXTRACTO DE DECRETOS MES DE NOVIEMBRE DE 2024

Nº Decreto	Asunto	Fecha Firma
00319/2024	10ª ACTUALIZACIÓN LISTA DE AGARDA SAF, MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA	05-11-2024 15:37
00320/2024	CONVENIO IMPLANTACIÓN ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA (ACTUALIZACIÓN)	07-11-2024 00:28
00321/2024	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 8-11-2024 (37/2024)	07-11-2024 14:31
00322/2024	ADXUDICACIÓN Contrato Menor. SUBMINISTRACIÓN CALENDARIOS E OUTRO MATERIAL	07-11-2024 14:31
00323/2024	APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA BOLSA DE EMPREGO AUXILIAR SAF	08-11-2024 15:01
00324/2024	EXPDTE. M.C 9/2024 TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS	09-11-2024 15:11
00325/2024	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	11-11-2024 21:45
00326/2024	Modificación Presupuestaria 10-2024 XC POS AD1-24 GS E REDE CULTURAL	11-11-2024 21:47
00327/2024	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 15-11-2024 (14/2024)	12-11-2024 14:32
00328/2024	FOLLA PAGAMENTO SANCIÓN CO-RES-2023-005	12-11-2024 15:08
00329/2024	CONCESION DE PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES	12-11-2024 15:08
00330/2024	SOLICITUDE SUBVENCIÓN FINANCIAR ACTIVIDADES DE ENVELLECIMENTO ACTIVO 2025	12-11-2024 15:09
00331/2024	CONCESIÓN AXUDA TÉCNICA DB.P.,M.J	13-11-2024 17:16
00332/2024	ADMISIÓN PROVISIONAL CANDIDATOS BOLSA CONDUTOR 2024	13-11-2024 17:18
00333/2024	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 15-11-2024 (38/2024)	14-11-2024 15:15
00334/2024	SUBVENCIÓN SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS 2025 (FOPPSS/2025)	16-11-2024 01:37
00335/2024	SOLICITUDE SUBVENCIÓN DEPUTACION FINANCIAMENTO TECNICO TURISMO 2025	19-11-2024 12:07
00336/2024	SOLICITUDE SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN PROGRAMA SOCORRISMO 2025	19-11-2024 12:07
00337/2024	SOLICITUDE SUBVENCIÓN DEPUTACION MANTEMENTO TECNICO DEPORTIVO 2025	19-11-2024 12:07
00338/2024	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 20-11-2024 (39/2024)	19-11-2024

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

		13:41
00339/2024	LISTAXE DEF, CANDIDATOS BOLSA CONDUTOR, NOMEAMENTO TRIBUNAL DATA DAS PROBAS	20-11-2024 14:18
00340/2024	SOLICITUDE SUBVENCIÓN DEPUTACION CONTRATACION PERSOAL PEL 2025	20-11-2024 19:40
00341/2024	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	21-11-2024 16:20
00342/2024	RELACIÓN FACTURAS 067DOISUG/2024	21-11-2024 20:20
00343/2024	RELACIÓN FACTURAS 070DRRSE/2024	22-11-2024 11:01
00344/2024	ASISTENCIA TRIBUNAL BOLSA CONDUTOR	22-11-2024 12:39
00345/2024	APROBACIÓN BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE CONDUTOR	22-11-2024 12:39
00346/2024	CONTRATACIÓN CONDUTOR SUBSTITUCIÓN	23-11-2024 01:04
00347/2024	CESE FUNCIONARIO INTERINO LIMPEZA	25-11-2024 12:38
00348/2024	APROBACIÓN DESFRUTE VACACIÓNS 2024	25-11-2024 14:12
00349/2024	APROBACIÓN DESFRUTE DIA VACACIONS E PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES	25-11-2024 14:12
00350/2024	NOVO NOMEAMENTO LIMPADORA SUBSTITUCIÓN	25-11-2024 14:13
00351/2024	NÓMINAS 11/2024	26-11-2024 23:41
00352/2024	EXPTE 11/2024. IR	28-11-2024 11:01
00353/2024	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 29-11-2024 (40/2024)	28-11-2024 12:35
00354/2024	ACORDO INTERPOSICIÓN R.C EXPTE SANCIONADOR CO-RES-2023-005 E ASISTENCIA XURÍDICA	29-11-2024 14:41
00355/2024	CESAMENTO FUNCIONARIO INTERINO LIMPEZA	29-11-2024 14:41
00356/2024	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	29-11-2024 14:41
00357/2024	APROBACION DESFRUTE PERIODO VACACIONAL	29-11-2024 14:42

10. ASUNTOS URXENTES

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que entende que non se produciu ningún asunto urxente e da paso ao punto seguinte.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

11. ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Intervén a Sra. Concelleira do Partido Popular indicando que teñen un rogo para o grupo de goberno que é en relación ao lavadoiro que hai en Vilaxoán, que ten a madeira deteriorada e está a piques de caer e hai xente que o usa polo que rogan que se fagan actuacións para evitar que o teito se derrube e se fagan labores de mantemento e conservación e se actúe á maior brevidade.

Continua a Sra. Concelleira preguntando que teñen pensado facer coa estrada que vai á Illa, que xa faláron outras veces desta estrada e que está en moi mal estado, que os veciños non teñen servizo, que pasan por ela pero é un perigo, en moitas zonas o recheo que se lle fixo á vía por debaixo levouno a auga e en algunhas zonas o aglomerado está no aire, as cunetas son moi fondas e se cae un vehículo nelas xa non sae, e as entradas para os montes se prometera facelas e aínda non se fixo nada. Polo tanto a pregunta é que teñen pensado facer para mellorar todo aquilo e cando se vai facer.

D.^a María Belén Salido Maroño continua indicando que outra pregunta que teñen é que estes días varios veciños do Concello de diferentes zonas comentaron que teñen dificultade para falar por teléfono, e queren saber que está pasando coa cobertura porque vai peor cada día, que eles fai uns meses presentaron unha moción para levar a cabo melloras na cobertura e na conectividade e queren saber se se está a facer algo.

Deseguido indica que tamén queren preguntar polas becas escolares, que hoxe lle deron as vacacións aos nenos e as familias queren saber cando van a saír convocadas as becas escolares.

Prosegue a Sra. Concelleira expoñendo que tamén quere falar do parque de biosaudable que está ao carón do centro de saúde, que está nun estado lamentable e é un perigo, polo que queren saber que solución se lle vai a dar, e que pola súa parte nada máis.

Intervén O Sr. Alcalde respondendo aos rogos e preguntas formuladas:

En relación co lavadoiro xa lles informaron os veciños e que se tentará polo menos botarlle a cuberta.

En relación coa estrada da Illa aínda falta acabala porque hai unha parte dun muro que desprende pedras á vía e habería que poñer unha rede ou darlle algún tipo de tratamento e tapar tubaxes. Con respecto ao afundimento da estrada, hai un tramo que está así debido as labores dos maderistas, que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

está previsto arranxar en breve a estrada en Areosa e aproveitar cando veña a empresa para realizar estes traballos e valorar a intervención no muro co técnico, e as entradas ás fincas está previsto realizalas neste ano que ven e que está de acordo en que son necesarias.

En relación coa cobertura móbil, que se puxeron en contacto coas compañías e que lle indicaron que hai moitos cortes de luz e que inflúe nos repetidores.

(Debaten durante un anaco o Alcalde coa Concelleira e Concelleiros sobre a cobertura, os cortes na luz e máis fallos na fibra)

En relación coas becas escolares, vai sacarse a convocatoria a principios de ano.

En relación ao parque se biosaudables, están de acordo en que está inservible e que vai ser mellor retiralo que arranxalo, e que foi a falta de mantemento o que ocasionou o deterioro, que se procederá a valorar o seu estado e se repararase ou ben procederan á súa retirada.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis, non se producen máis intervencións e, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás dezanove horas e vinte e oito minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria en réxime de acumulación, certifícoo.

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

D. Alberto Cortizas Rejo

D.^a Ana Ramos Ramos